




COSTA DE O ROSAL

Adela Leiro, Mon Daporta
marzo 2019



Distancia: 5 km (circular)
Dificultade: media


O concello do Rosal aséntase en case toda a súa extensión no val do Tamuxe pero unha pequena parte sube o Torroso e baixa ao mar, no que ten unha fronte de algo máis de 2 km. Dous km de costa no arco Miniano-duriense, na liña case recta que vai do cabo Silleiro á desembocadura do Miño, un litoral rochoso, exposto, sen apenas abrigos, que se estende entre a desembocadura do rego do Soutiño e a punta do Porto da Escuma; pero a pesar da súa escasa lonxitude contén elementos de interese como a Laxe da Lada ou pena Agoeira, unha inmensa masa rochosa plana que descobre coa marea baixa e que crea unha gran mancha de espuma cando o mar pasa por enriba del; Portecelo o único seo que pode ofrecer algo de abrigo que se acolle entre a Pescadoira e o Sarrido, os Lapóns do Sarrido, debaixo do aparcamento miradoiro desde o que se abrangue toda a costa do concello; o porto de Amiadelo un pequeno abrigo entre grandes cons, e a punta do Porto das Escumas protexido por unha ringleira de pedras nas que o mar bate e pasa por enriba enchendo todo de espuma. Desde 2011 hai unha proposta de creación do LIC/ZEC “Costa de Oia”, con 2.056,6 ha (475,4 terrestres e 1.581,2 acuáticas), actualmente pendente de aprobación.

PERCORRIDO

Un tramo con poucos accesos aínda que se pode percorrer comezando no aparcamento, que se atopa máis ou menos na metade do espazo, desviándonos cara ao norte pola rúa interior, que vai paralela á estrada, ata chegar ao **rego do Soutiño**, límite do concello, e coller alí o camiño, logo carreiro, que vai á súa desembocadura para volver a **Portecelo** pola beira, primeiro polas pedras, uns 300 m, para chegar logo a un carreiro e despois a un camiño que nos trae á localidade; e a metade sur saíndo do mesmo sitio tamén polo camiño paralelo á estrada, uns 600 m, e logo desviarse cara ao mar, o camiño remata no **Porto das Escumas** desde alí vólvese pola beira, primeiro por un tramo de camiño, logo carreiro ata o **Amiadelo**, e por último tramo de pedras e carreiro para volver ao punto de partida.




- 1-Rego do Soutiño
- 2-Pena Agoeira
ou Laxe de Ladas
- 3-A Pescadoira
- 4- Portecelo
- 5-O Sarrido
- 6-Os Lapóns do Sarrido
- 7-Porto de Amiadelo
- 8-Porto da Escuma



No Rosal podemos observar unha costa rectilínea, con dirección norte-sur, rochosa, baixa e exposta, sen apenas abrigos, na que se aprecia unha ampla rasa de abrasión antigamente mergullada no mar e que emerxeu en épocas xeolóxicas recentes.



1-Rego do Soutiño e arredores



2-Pena Agoeira ou Laxe de Ladas



Laxe da Ladas ou pena Agoeira, unha inmensa masa rochosa plana que descobre coa marea baixa







4-Portecelo o único seo que pode ofrecer algo de abrigo que se acolle entre a Pescadoira e o Sarrido (5)



6-Os Lapóns do Sarrido, debaixo do aparcamento miradoiro desde o que se abrangue toda a costa do concello



Os Lapóns do Sarrido



7-Porto de Amiadelo un pequeno abrigo entre grandes cons.




8-Porto da Escuma



Vista da costa do Rosal desde o Torroso.

A **serra da Groba** é unha cadea de montañas de granito de dúas micas que se estende desde a Ría de Baiona ata A Guarda, paralela á costa, cara á que cae bruscamente. Na zona do Rosal e A Guarda prolóngase nos montes do Torroso.



Nun percorrido pola costa do Rosal o que máis chama a atención é o constante bater do mar nas rochas.